
Follas do Cineclub | 07/12/2016
O home nas terras salvaxes
(Man in the Wilderness, Richard C. Sarafian,
EUA, 1971, 105', VOSG)

01

busca de vinganza persoal, mentres recupera a súa forza e alimenta o seu odio cara a Henry. Bass pasa por unha caste de viaxe espiritual ademais da viaxe física. Hai varias escenas nas que le pasaxes da Biblia, ten flashbacks sobre o nacemento do seu fillo e grazas a esas escenas coñecemos o personaxe de Bass. Pero os seus desexos de matar a Henry cambian de súpeto, querendo unicamente volver a casa. Este cambio, xunto con outros máis, fan deste filme unha peza a ter en conta.

Texto tirado de <http://www.rebeatmag.com/wonderful-westerns-man-in-the-wilderness-1971/>
18 de xuño de 2015

O home nas terras salvaxes é a historia dun cazador de peles chamado Zachary Bass (interpretado por Richard Harris, que é parte dunha banda de cazadores e trampeiros baixo as ordes do Capitán Henry (John Huston). Durante unha expedición ao Noroeste dos Estados Unidos, Bass é atacado e ferido por un oso e logo abandonado medio morto. Sen que parte de Henry e o seu grupo caian na conta de que aínda segue con vida, Bass sobrevive e buscará vinganza.

Un dos aspectos formais máis fortes é o ambiente e a atmosfera arredor da historia. O director Richard C. Sarafian e o equipo quixeron traballar ata o máis mínimo detalle. O punto culminante deste traballo é o barco dos anos 1820, que Henry e a súa tropa carrexan polas terras salvaxes, pola lama e os outeiros nevados. Podería interpretarse como unha visión do dura que foi a profesión de trampeiro e cazador de pel, pero tamén pola carga de culpa que seguramente afoga aos membros da expedición por teren deixado a Bass sen saber se vive ou non.

Aínda que é formalmente unha historia de vinganza, o home do que Bass quere vingarse, Capitán Henry, non é retratado coma un personaxe malvado. Durante unha escena con outro membro da expedición chamado Fogerty (Percy Herbert), Henry conta nun momento de melancolía como coñeceu a Bass e fala tamén algo da súa vida.

Mais, desde logo, o realmente atractivo deste filme é a interpretación de Richard Harris como Zachary Bass. Algúns poden mesmo quedar parvos cando vexan ao que fora director de Hogwarts, da saga *Harry Potter*, actuando nun western. Pero cústelles ou non, Harris protagonizou varios westerns: *Major Dundee* (1965), *A Man Called Horse* (1970) e a obra mestra de Clint Eastwood *Unforgiven* (1992). Durante todo o filme o público segue a Bass na súa

WESTERNS MARABILLOSOS: O HOME NAS TERRAS SALVAXES

JOHN HAMILTON

CINECLUBE DE COMPOSTELA

DEC
2016

ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)

① cineclubedecompostela.blogaliza.org
facebook.com/cineclubedecompostela
[@cineclubedecompostela@gmail.com](mailto:cineclubedecompostela@gmail.com)

PROXECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela)
Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

MÉRCORES 7 DE DECEMBRO

O home nas terras salvaxes
(Man in the Wilderness,
Richard C. Sarafian,
EUA, 1971, 105', VOSG)

MÉRCORES 14 DE DECEMBRO

Orgullo
(Orgullo, Manuel Mur Oti,
España, 1955, 106', VO)

MÉRCORES 21 DE DECEMBRO

Deus e o diabo na terra do sol
(Deus e o Diabo na Terra do Sol,
Glauber Rocha,
Brasil, 1964, 118', VOSG)